



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE CONXUNTA DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E DA CONSELLERÍA DE FACENDA POLA QUE SE APROBA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SERVIZO PARA A PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO.

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co *proxecto de Orde conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado*, emítese o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen un novo escenario normativo para a consolidación da administración dixital nas Administracións públicas, e polo tanto tamén na Administración xeral e sector público autonómico de Galicia.

Deste xeito, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, introduce de maneira transversal o emprego de medios electrónicos nas relacións entre as Administracións públicas e entre estas e os cidadáns. Xeneralízase así o uso de medios electrónicos en todas as fases do procedemento administrativo, desde a identificación e representación dos interesados ata a preferencia pola notificación electrónica.



Resulta especialmente transcendente a regulación, prevista no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do dereito e obrigaón de relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas. Así, as persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas Administracións públicas a través de medios electrónicos; porén, quedan obrigados a utilizar tales medios quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, cando realicen trámites e actuacións en exercicio da devandita actividade profesional, e as persoas que regulamentariamente se determinen, cando por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios. En cambio, as persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica estarán en todo caso obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, determina que cando a Administración, nun procedemento concreto, estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso obrigatorio para as persoas interesadas.

No ámbito autonómico, o Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que o rexistro electrónico permitirá a recepción de solicitudes, escritos e comunicacións normalizados, así como a recepción de calquera solicitude, escrito ou comunicación dirixidos a calquera órgano ou entidade dos incluídos no seu ámbito de aplicación, sempre que o interesado presente todos os datos necesarios para a anotación do asento e necesariamente se empreguen os formatos de arquivos electrónicos que defina a consellería competente en materia de administracións públicas para estes fins.

2. Necesidade e oportunidade

A posta en marcha deste servizo permitirá a presentación de aquelas solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cunha sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, facilitando a realización de calquera trámite



administrativo de forma electrónica nos casos de suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos coas Administracións públicas, e tamén para os casos daquelas persoas físicas que non estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa administración e que opten por empregar esta vía.

Coa presente orde a Xunta de Galicia pretende incrementar a eficacia e eficiencia, cunha oferta de servizos de calidade e accesibles por diferentes canles e que mellore a xestión, simplifique os procedementos e adecúe a organización ás prescricións normativas en vigor, por medio dunha constante actualización tecnolóxica.

3. Estrutura e contido

Este anteproxecto de orde está formado por seis artigos, dúas disposicións adicionais e unha disposición final co seguinte contido:

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito de aplicación e uso do servizo
- Artigo 3. Acceso ao servizo polas persoas interesadas
- Artigo 4. Documentación
- Artigo 5. Comprobación de datos
- Artigo 6. Notificacións
- Disposición adicional primeira. Datos de carácter persoal
- Disposición adicional segunda. Actualización do modelo de acceso servizo
- Disposición final: Entrada en vigor

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da



Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

O centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico o borrador da disposición acompañado dunha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade (artigo 41.2.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza designou como participantes na elaboración do proxecto de orde á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Facenda, atribuíndo á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o impulso do procedemento en todas as súas fases de conformidade co Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, por incidir máis directamente na materia da súa competencia.

Consta o acordo previo de inicio na elaboración da dita disposición asinada pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola persoa titular da Consellería de Facenda (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Debido á urxencia na tramitación deste proxecto normativo o prazo de exposición pública reduciuse a sete días hábiles, dende o 6 ao 18 de abril de 2017, non recibíndose ningunha alegación no devandito prazo.

A continuación o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.



Resultou preciso solicitar un informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e un informe sobre as cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica Xeral.

Así mesmo, ao tratarse dun proxecto normativo dos referenciados no artigo 6 da lei 14/2013 de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a saber, as disposicións de carácter xeral que regulen procedementos a instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico, foi preciso solicitar o informe tecnolóxico e funcional emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero, ao abeiro do artigo 8 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

O 5 de abril de 2017 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde.

O 18 de abril de 2017 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de orde.

Con data 6 de abril de 2017 emítese o informe conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA.

Finalmente, o 27 de abril de 2017 a Asesoría Xurídica emitiu informe sobre o proxecto de orde, realizando observacións tanto de técnica normativa como respecto ao contido do articulado, as cales foron aceptadas na súa totalidade.

5. Legalidade.



En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación conxunta da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da persoa titular da Consellería de Facenda.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza